

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15015743	IES Arcebispo Xelmírez I	Santiago de Compostela	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	2ª Lingua estranxeira I: Alemán	1º Bac.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	16
4.2. Materiais e recursos didácticos	17
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	18
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	18
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	20
5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias	20
6. Medidas de atención á diversidade	21
7.1. Concreción dos elementos transversais	22
7.2. Actividades complementarias	23
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	23
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	25
9. Outros apartados	25

1. Introducción

1. O Instituto de Educación Secundaria Arcebispo Xelmírez I, xunto cos IES Salvador de Madariaga (da Coruña), Lucus Augusti (de Lugo), Sánchez Cantón (de Pontevedra) e Otero Pedraio (de Ourense), é un dos cinco institutos históricos do país, e o segundo máis antigo. Creouse en 1845, coincidindo co chamado plan Pidal, é dicir, co Real decreto atendendo a necesidade de organizar do modo máis conveniente a instrución pública do reino na parte relativa aos ensinos secundario e superior (Gaceta de Madrid, 25 de setembro de 1845). Nos primeiros tempos compartiu profesorado e aulas coa universidade. Tivo varias denominacións, e en 1942 pasou a chamarse Instituto Nacional de Segunda Ensinanza Arcebispo Xelmírez.

O instituto tivo a súa primeira localización no Pazo de San Xerome, onde actualmente se atopa a reitoría da Universidade de Santiago de Compostela. Despois mudouse para a praza de Mazarelos, que moita xente aínda coñece como praza do Instituto, para o edificio que hoxe ocupa a Facultade de Filosofía da USC. En 1965 trasladouse para o edificio que desde 1984 alberga os servizos centrais da Administración da Xunta de Galicia, en San Caetano. A sede actual do instituto atópase na avenida das Burgas, no Campus Vida da USC, e consta de dous edificios: aquel onde se atopan a aula magna, as aulas, os laboratorios, as bibliotecas (a xeral e mais a antiga, que posúe un fondo duns 7.000 volumes do histórico Instituto de Santiago), os despachos dos departamentos e do equipo directivo, a oficina administrativa, a conserxaría, o laboratorio-museo (unha mostra do material científico de segundo ensino do século XIX, que contén máis de 450 pezas ou pequenas coleccións que formaron parte do laboratorio de Química e dos gabinetes de Física e de Historia natural do Instituto de Santiago), o arquivo histórico e mais a cafetería; e o edificio onde se atopan o salón de actos e o pavillón de deportes.

No instituto cursan os seus estudos ao redor de 950 alumnos (educación secundaria obrigatoria, bacharelato, educación secundaria e bacharelato para persoas adultas, e ciclo). Na ESO hai tres grupos por curso e, no bacharelato, catro. No bacharelato ofrécense dúas modalidades: a de ciencias e mais a de humanidades e ciencias sociais (cos dous itinerarios de humanidades e ciencias sociais). O alumnado procede maioritariamente de familias cun nivel de renda medio, con ingresos procedentes do sector terciario. Dous terzos do alumnado é de extracción urbana, mentres o resto procede do ámbito rural e de concellos limítrofes.

O claustro está composto por uns 85 profesores, que forman parte de 20 departamentos didácticos. O equipo directivo está formado polo director, o vicedirector, o secretario, a xefa de estudos diurnos e mais a xefa de estudos nocturnos.

O cadro do persoal de administración e servizos está composto por 11 persoas, e existe tamén unha asociación de nais e pais do alumnado. O consello escolar está composto polo director, o secretario, as xefas de estudos, sete representantes do profesorado, tres representantes das nais e dos pais do alumnado, catro representantes do alumnado, un representante do persoal administrativo e de servizos e un representante do Concello de Santiago de Compostela.

Para potenciar o uso da lingua galega, o instituto conta cun equipo de dinamización lingüística integrado por tres profesores, tres alumnos e un membro do persoal de administración e servizos.

En canto ás actividades extraescolares, o centro organiza obradoiros voluntarios, que teñen lugar polas tardes. A Asociación de Nais e Pais de Alumnos adoita ofrecer actividades varias.

2. O incremento das relacións internacionais por motivos educativos, laborais, profesionais, culturais, turísticos e de acceso aos medios de comunicación, entre outros, fai que o coñecemento de linguas estranxeiras sexa unha necesidade crecente na sociedade actual. Ademais, o desenvolvemento de novas tecnoloxías converte as linguas estranxeiras nun instrumento indispensable para a inserción no mundo laboral e a comunicación en xeral.

O dominio de linguas estranxeiras implica a posibilidade de acceder a outras culturas, costumes e idiosincrasias ao tempo que facilita e fomenta as relacións interpersoais, favorece unha formación integral do individuo mediante o desenvolvemento do respecto a outros países, aos seus falantes e ás súas culturas, e permite comprender mellor a lingua propia.

A integración na Unión Europea de países con falantes de linguas diversas tamén fai preciso o coñecemento de linguas estranxeiras para facilitar a comunicación entre os membros desta ampla comunidade. Neste contexto, recoñécese o papel das linguas estranxeiras como elemento clave na construción da identidade europea: unha identidade plurilingüe e multicultural, así como un dos factores que favorece a libre circulación das persoas e facilita a cooperación cultural, económica, técnica e científica entre os países.

Todas estas razóns levan a considerar a necesidade de que o alumnado da educación secundaria obrigatoria remate os seus estudos co coñecemento de, polo menos, dúas linguas diferentes das propias. O alumnado que acceda ao bacharelato debe levar, polo tanto, unha bagaxe de coñecemento da lingua estranxeira que lle permita desenvolverse en situacións habituais de comunicación. Nesta etapa é necesario fomentar máis a autonomía do alumnado, xa que as necesidades e os intereses de futuro de cada alumno estarán xa perfilados con maior precisión.

De modo que a aprendizaxe da lingua estranxeira no bacharelato suporá, por unha banda, a prolongación e a consolidación do que xa se coñece e, por outra banda, un desenvolvemento de capacidades máis especializadas en función dos intereses profesionais e académicos que guiarán o futuro laboral do alumno.

O Consello de Europa insiste na necesidade de que as persoas desenvolvan competencias suficientes para relacionarse con outros membros dos países europeos. En consecuencia, estima que se lle debe dar un novo pulo ao ensino de idiomas que axude a desenvolver a idea de cidadanía europea e recomenda a adquisición dun certo nivel de competencia comunicativa en máis dunha lingua estranxeira durante a etapa da educación secundaria obrigatoria. Na etapa posterior do bacharelato débense desenvolver aínda máis os mecanismos que lle permitan ao alumnado continuar a aprendizaxe de idiomas durante a vida adulta.

Por este motivo, o Consello de Europa establece un Marco común europeo de referencia para a aprendizaxe, o ensino e a avaliación das linguas, onde indica que, para desenvolver progresivamente a competencia comunicativa nunha determinada lingua, o alumnado debe ser quen de levar a cabo unha serie de tarefas de comunicación. Estas tarefas configuran un conxunto de accións que teñen unha finalidade comunicativa concreta dentro dun ámbito específico. Para a súa realización actívase a competencia comunicativa, póñense en xogo diversas estratexias e utilízanse diferentes destrezas lingüísticas e discursivas de forma contextualizada. As destrezas que se desenvolverán serán: produtivas (expresión oral e escrita), receptivas (comprensión oral e escrita e interpretación de códigos non verbais) e baseadas sobre a interacción ou a mediación.

Xunto co exposto anteriormente, o proceso de ensino e aprendizaxe de linguas estranxeiras contribuirá á formación educativa do alumnado desde unha perspectiva global que favoreza o desenvolvemento da súa personalidade, a integración social, as posibilidades de acceso a datos de interese, etc. Na etapa educativa do bacharelato, os idiomas utilizaranse especialmente para promover a formación intelectual e para acceder a informacións específicas propias doutras áreas de coñecemento, que lle permitan ao alumnado estar en contacto cos cambios permanentes no saber científico, humanístico e tecnolóxico.

Deste xeito, a educación secundaria obrigatoria propiciará que os alumnos que hoxe se están a formar coñezan formas de vida e de organización social diferentes das nosas, melloren a súa capacidade de empatía, diversifiquen as súas canles de información e establezan relacións caracterizadas pola tolerancia social e cultural, mentres o bacharelato propiciará que o avance no coñecemento contribúa a ampliar o horizonte de cada alumno, a que afonde no achegamento a formas de vida e de organización social diferentes das nosas, a intercambiar opinións sobre problemas que se comparten internacionalmente, a diversificar os seus intereses profesionais e a consolidar valores sociais que favorezan o encontro nun mundo onde a comunicación internacional está cada vez máis presente.

3. Se un dos obxectivos do bacharelato é expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras, a materia de Alemán, concretamente, contribúe á adquisición das distintas competencias clave no bacharelato e, de forma directa, participa na consecución da competencia plurilingüe, que implica o uso das distintas linguas de forma apropiada e eficaz para a aprendizaxe e a comunicación. O plurilingüismo integra, non só a dimensión comunicativa, senón tamén os aspectos históricos e interculturais que conducen o alumnado a coñecer, valorar criticamente e respectar a diversidade lingüística e cultural e que contribúen a que poida exercer unha cidadanía independente, activa e comprometida cunha sociedade democrática. En consonancia con este enfoque, a materia de Alemán na etapa do bacharelato ten como obxectivo principal a adquisición da competencia comunicativa na lingua alemá, de modo que lle permita ao alumnado comprender, expresarse e interactuar en alemán con eficacia, fluidez e corrección, así como o enriquecemento e a expansión da súa conciencia intercultural.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender as ideas principais e as liñas argumentais básicas de textos expresados na lingua estándar, buscando fontes fiables e facendo uso de estratexias de inferencia e comprobación de significados, para responder ás necesidades comunicativas.	2-3	1-2	1	1	40			

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Producir textos claros, ben organizados e con certo detalle, usando estratexias tales como a planificación, a síntese, a compensación ou a autorreparación, para expresar ideas e argumentos de forma adecuada, de acordo con propósitos comunicativos concretos.	1-5	1-2	1	1-3	40			32
OBX3 - Interactuar con outras persoas, con corrección e fluidez suficiente, cunha pronuncia claramente intelixible para facerse entender sen dificultade, usando estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a propósitos comunicativos en intercambios respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		31	3		
OBX4 - Mediar entre distintas linguas ou variedades, en intercambios sinxelos de información relacionados con asuntos cotiáns ou con información persoal básica, usando estratexias e coñecementos eficaces para crear unha atmosfera positiva que facilite a comunicación.	5	1-2-3	1		31			
OBX5 - Ampliar e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas e reflexionar de forma crítica sobre o seu funcionamento facendo explícitos e compartindo as estratexias e os coñecementos propios, para mellorar a resposta ás súas necesidades comunicativas.		2	1	3	11			
OBX6 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, reflexionando e compartindo as semellanzas e as diferenzas entre linguas e culturas, para actuar de forma empática, respectuosa e eficaz, e fomentar a comprensión mutua en situacións interculturais.	5	3			31	3		1

Descrición:
3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Endlich wieder Schule	<ul style="list-style-type: none"> - Saber presentarse con detalle e contar feitos sobre si mesmos. - Comunicarse en alemán na aula. - Saber expresar a aprobación e o rexeitamento. - Falar das habilidades lingüísticas. - Valorar a utilidade e a importancia do 	16	22	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Endlich wieder Schule	coñecemento das linguas. - Saber argumentar razóns para a aprendizaxe de linguas. - Extraer de forma global e específica información de distintos tipos de textos e audicións. - Incorporar nas súas producións novos léxicos (repaso de vocabulario visto en niveis anteriores) e estruturas aprendidas (repaso de estruturas e frases habituais nos intercambios orais na aula, repaso de estruturas vistas en niveis anteriores).	16	22	X		
2	Meine Stärken - meine Schwächen	- Falar e reflexionar sobre as calidades persoais, as fortalezas e as debilidades. - Saber expresar o desexo. - Saber describir modelos de persoas. - Reflexionar e falar sobre metas e obxectivos da vida. - Valorar os diferentes puntos de vista entre mozos e adultos. - Extraer de forma global e específica información de distintos tipos de textos e audicións. - Incorporar nas súas producións novos léxicos (adxectivos e substantivos sobre calidades e características persoais, valores presentes na sociedade, símbolos de boa ou mala sorte) e estruturas aprendidas (o uso de Konjunktiv II para expresar o desexo, oracións de relativo en nominativo e acusativo, a estrutura zu + Infinitiv)	16	22	X		
3	Wir und die Medien	- Saber falar dos medios de onte e de hoxe. - Falar de gustos e preferencias musicais e lectoras. - Saber pedir axuda ou propor unha solución a un determinado problema. - Extraer de forma global e específica información de distintos tipos de textos e audicións. - Incorporar nas súas producións novos léxicos (léxico relacionado cos medios de comunicación e informática, vocabulario actual para opinar e valorar a música e os libros) e estruturas aprendidas (o uso da voz pasiva, o xenitivo co artigo determinado e indefinido, o 'Präteritum' de verbos regulares e irregulares, a cláusula subordinada '(an)statt...zu').	17	24		X	
4	Für die Umwelt	- Promover unha maior conciencia e compromiso co coidado do medio. - Saber explicar cales son os problemas ambientais actuais. - Opinar e propor solucións aos problemas ambientais. - Fomentar a participación e a colaboración	17	24		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Für die Umwelt	dos demais en proxectos e accións a prol do medio ambiente. - Extraer información global e específica de distintos tipos de textos e audicións. - Incorporar ás súas producións novos léxicos (vocabulario sobre problemas ambientais e protección ambiental) e estruturas aprendidas (o uso de 'sollte' e do infinitivo como requisito para facer ou emprender unha acción, expresar alternativas con 'entweder... oder...', frases finais con 'um... zu...')	17	24		X	
5	Menschen wie du und ich	- Falar de prexuízos, aparencias e clixés sobre os demais (estranxeiros, neno, nena...). - Falar de situacións habituais de conflito entre pais e mozos. - Saber dar consellos e argumentar. - Extraer de forma global e específica información de distintos tipos de textos e audicións. - Incorporar ás súas producións novos léxicos (vocabulario necesario para mostrar opinión sobre os demais) e estruturas aprendidas (argumentación con 'weil', 'da', 'denn'; dar a opinión dunha terceira persoa con 'sollen'; a subordinada con 'seit', 'seitdem'; a estrutura 'lassen + Infinitiv'; 'dieselbe..').	17	24			X
6	Ich hätte gern	- Saber falar dos sentimentos. - Expresar desexo ou renuncia ás cousas habituais. - Valorar a cuestión da compra en exceso. - Saber contradicir. - Extraer de forma global e específica información de distintos tipos de textos e audicións. - Incorporar nas súas producións novos léxicos (vocabulario sobre sentimentos, compras e cartos) e estruturas aprendidas (o superlativo antes do substantivo, complementos con dativo/acusativo, a subordinada con 'obwohl', o Konjunktiv II dos verbos modais, as oracións irrealis con 'wenn e KII').	17	24			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Endlich wieder Schule	22

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Aplicar autonomamente as estratexias, recursos e coñecementos máis adecuados (recurso ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), para comprender o sentido xeral, a información esencial e detalles relevantes dos textos, inferindo o significado de palabras e expresións non coñecidas; e interpretar elementos non verbais.	- Utiliza distintas estratexias para aprender aspectos gramaticais. - Comprende os textos globalmente extraendo a información necesaria. - Selecciona información clave e fai un 'mindmap'.	TI	100
CA1.11 - Participar en situacións interactivas de intercambios de información breves referidos a asuntos da vida cotiá e próximos á súa experiencia, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal propia da cultura estranxeira, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital.	- Elabora mensaxes con claridade. - Adapta a mensaxe á persoa destinataria e mais ao contexto. - Expresa mensaxes sinxelas axustándose a modelos e fórmulas dados.		
CA2.4 - Utilizar os coñecementos, estratexias e experiencias das linguas do seu repertorio lingüístico para comprender e producir textos, e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	- Mobiliza os contidos lingüísticos xa adquiridos, tanto do alemán como doutras linguas. - Utiliza axeitadamente recursos lingüísticos ou temáticos do alemán e doutras linguas. - Aproveita e utiliza os coñecementos previos.		
CA3.3 - Incorporar a crítica e a reflexión para adquirir valores, como o respecto á diversidade lingüística, á igualdade e á inclusión, e desenvolver unha visión empática para convivir nunha sociedade intercultural.	- Desenvolve a súa conciencia intercultural, así como estratexias de comunicación para evitar situacións ambiguas. - Valora a importancia e mais a necesidade de estudar linguas estranxeiras. - Coñece datos culturais relacionados cos países de fala alemá.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Uso de modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, considerando as características e o recoñecemento do contexto (participantes e situación), as expectativas xeradas polo contexto, a organización e estruturación segundo o xénero, a función textual e a estrutura. - Utilización de unidades lingüísticas de uso común e habitual e significados asociados a estas, tales como a expresión da entidade (obxectos, persoas, ideas, estados, accións, sucesos, etc.) e as súas propiedades (existencia, inexistencia, dimensións...), cantidade e calidade (forma, tamaño, cor, idade...), o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais (anterioridade, secuencia, posterioridade...), as formas básicas da afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, e as relacións lóxicas habituais. - Utilización de léxico común de interese para o alumnado, relativo a tempo e espazo; estados, eventos e acontecementos; actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, académicas e profesionais; educación, traballo; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura, así como uso básico de estratexias de enriquecemento léxico (derivación, familias léxicas, polisemia, sinonimia, antonimia...). - Utilización de convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións,

Contidos

- reformular, comparar e contrastar, resumir e parafrasear, colaborar e negociar significados.
- Emprego de ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal, e de plataformas virtuais de interacción, colaboración e cooperación educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Comparación sistemática entre linguas, a partir de elementos da lingua estranxeira e doutras linguas, para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.
- Utilización de estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos.

UD	Título da UD	Duración
2	Meine Stärken - meine Schwächen	22

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.10 - Aplicar e comunicar coñecementos e estratexias para planificar, producir e revisar textos sinxelos comprensibles, coherentes e adecuados ás intencións comunicativas, á persoa destinataria e ás características contextuais.	<ul style="list-style-type: none"> - Adapta o texto á persoa destinataria e mais ao contexto. - Mobiliza os contidos lingüísticos xa adquiridos: repasa o que sabe do tema e decide que quere expresar. - Elabora textos breves con apuntamentos importantes ('Spickzettel') para lembrar e ordenar datos que quere expresar. 	TI	100
CA1.15 - Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.	<ul style="list-style-type: none"> - Aproveita ao máximo os coñecementos previos. - Compensa as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos, paralingüísticos e paratextuais. - Elabora mensaxes claras. 		
CA2.3 - Comparar e argumentar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento.	<ul style="list-style-type: none"> - Mobiliza os contidos lingüísticos xa adquiridos en alemán e noutras linguas. - Aproveita os recursos lingüísticos e temáticos doutras linguas para optimizar a comprensión da mensaxe en alemán. - Compensa as carencias lingüísticas mediante o recurso a anglicismos presentes na fala alemá. 		
CA3.2 - Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, identificando e rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo, e recoñecendo valores ecosociais, como a equidade, a reciprocidade e a solidariedade, como vías de solución.	<ul style="list-style-type: none"> - Coñece os símbolos de boa ou mala sorte dentro das culturas de fala alemá, así como as semellanzas e diferenzas coa cultura galega. - Capta os valores presentes nas sociedades de fala alemá. - Coñece as crenzas populares sobre a boa e a mala sorte nos países de fala alemá. 		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Uso de modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, considerando as características e o recoñecemento do contexto (participantes e situación), as expectativas xeradas polo contexto, a organización e estruturación segundo o xénero, a función textual e a estrutura. - Utilización de léxico común de interese para o alumnado, relativo a tempo e espazo; estados, eventos e acontecementos; actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, académicas e profesionais; educación, traballo; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura, así como uso básico de estratexias de enriquecemento léxico (derivación, familias léxicas, polisemia, sinonimia, antonimia...). - Emprego de ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal, e de plataformas virtuais de interacción, colaboración e cooperación educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira. - Utilización de estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de autonomía, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta superando as limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio. - Achegamento a algúns aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios de países onde se fala a lingua estranxeira (convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; institucións, costumes e rituais; valores, normas, crenzas e actitudes; estereotipos e tabús; linguaxe non verbal; historia, cultura e comunidades etc.).

UD	Título da UD	Duración
3	Wir und die Medien	24

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Comprender información relevante en textos do seu interese, expositivos ou narrativos, en distintos soportes, de lonxitude media e ben estruturados, nos cales se presentan en termos simples fenómenos, accións, persoas, obxectos e lugares, e se manifestan opinións con expresións sinxelas e sen implícitos, e, no caso da interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.	<ul style="list-style-type: none"> - Utiliza diferentes estratexias de comprensión segundo a tarefa requirida e o tipo de texto. - Aproveita coñecementos lingüísticos xa adquiridos para resolver dificultades na comprensión. - Identifica os diferentes tipos de texto presentados (narración, diálogo, etc.) para adaptar a comprensión. 	TI	100
CA1.13 - Interaccionar utilizando os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos á vida cotiá, condicións de vida e contorno, relacións interpersoais (nos ámbitos persoal, educativo e ocupacional), comportamento (posturas, expresións faciais, volume da voz, contacto visual e proxémico) e convencións sociais (actitudes, normas e valores), axustando a mensaxe á persoa destinataria e ao propósito comunicativo, e amosando empatía e a cortesía debida.	<ul style="list-style-type: none"> - Adapta a mensaxe á persoa destinataria e mais ao contexto. - Utiliza a linguaxe corporal culturalmente pertinente. - Representa en grupo diálogos relacionados con problemas causados polos computadores. 		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Participar na solución de problemas de comprensión e de entendemento no seu contorno próximo, debidos á diversidade sociocultural e lingüística, resumindo, simplificando ou explicando mensaxes ou hábitos socioculturais sinxelos e coñecidos, para crear pontes e facilitar a comprensión e a comunicación.	<ul style="list-style-type: none"> - Expressa gustos e preferencias musicais e literarios. - Valora o panorama musical e literario actual en lingua alemá e compárao co galego, facendo unha valoración crítico-construtiva. - Compara o uso dos medios, da internet e das redes sociais nas culturas de fala alemá e galega. 		
CA3.1 - Participar en proxectos nos cales se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	<ul style="list-style-type: none"> - Aproveita os recursos lingüísticos e temáticos doutras linguas. - Mobiliza os coñecementos lingüísticos adquiridos para resolver dificultades de comprensión, especialmente a asociación con outras linguas. - Utiliza o vocabulario sobre as novas tecnoloxías común ás distintas linguas que coñece. 		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Manifestación de autoconfianza e iniciativa. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Utilización de unidades lingüísticas de uso común e habitual e significados asociados a estas, tales como a expresión da entidade (obxectos, persoas, ideas, estados, accións, sucesos, etc.) e as súas propiedades (existencia, inexistencia, dimensións...), cantidade e calidade (forma, tamaño, cor, idade...), o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais (anterioridade, secuencia, posterioridade...), as formas básicas da afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, e as relacións lóxicas habituais. - Utilización de convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir e parafrasear, colaborar e negociar significados. - Reaxuste da tarefa ou da mensaxe, emprendendo unha versión máis modesta, tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. - Uso de estratexias e ferramentas de uso común, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación. - Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, aos países e ás comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.

UD	Título da UD	Duración
4	Für die Umwelt	24

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Redactar e difundir textos claros e coherentes, con cohesión sinxela, corrección e adecuación á situación comunicativa proposta, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, nun rexistro neutro, respectando as convencións ortográficas básicas, con control de expresións e estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente, sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á súa experiencia, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital.	- Expresa a mensaxe con claridade e coherencia, estruturándoo axeitadamente e aténdose a modelos e fórmulas coñecidos. - Reaxusta a tarefa e/ou a mensaxe tras valorar as dificultades e mais os recursos dispoñíbeis. - Utiliza adecuadamente os recursos lingüísticos e temáticos.	TI	100
CA1.12 - Interactuar con pronuncia intelixible pedindo que se lle repitan os puntos clave, se o necesita, e sen que as súas posibles vacilacións e reformulacións de expresións ou estruturas impidan a comunicación.	- Sinala obxectos, mostra imaxes ou realiza accións que aclaran o significado. - Utiliza a linguaxe corporal culturalmente pertinente. - É quen de definir un termo ou unha expresión.		
CA2.6 - Valorar a adquisición dunha competencia plurilingüe suficiente sen necesidade de acadar niveis de competencia iguais nin similares aos que posúe na súa lingua primeira ou máis utilizada.	- Asocia préstamos doutras linguas. - Aproveita coñecementos de palabras noutras linguas. - Relaciona o léxico sobre o clima e o medio nas distintas linguas que coñece.		
CA3.6 - Valorar criticamente, desde a consideración dos dereitos humanos, as manifestacións culturais (linguas, costumes, tradicións, crenzas relixiosas, etc.) dos países en que se fala a lingua estranxeira, e as múltiples formas de organización social que pode reflectir a diversidade cultural.	- É consciente dos problemas climáticos dos países de fala alemá e relaciónaos cos galegos. - Coñece a conciencia ecolóxica nos países de fala alemá e compáraa coa galega. - Busca información en alemán sobre a procura de solucións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Uso de estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais contextualizados. - Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás (explicar costumes, manifestacións culturais, relacións familiares ou de amizade, relacións laborais). - Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: establecer e manter de xeito sinxelo a comunicación e a organización elemental do discurso. Dar información persoal e familiar básica e, en termos simples, narrar acontecementos pasados e describir estados e situacións presentes, e expresar sucesos futuros. Solicitar e dar información e indicacións, e expresar de xeito sinxelo opinións e advertencias. Expresar de forma sinxela coñecemento, descoñecemento, certeza e dúbida. Expresar a vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición. Expresar interese, aprobación, aprecio, satisfacción e sorpresa, así como os seus contrarios. Resumir. - Utilización e recoñecemento de padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións, procesos fonolóxicos básicos, acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración, e identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses padróns. - Respecto á propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados: utilización de ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e de recursos para evitar o plaxio.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos sinxelos de textos e de frases feitas e locucións básicas, para elaborar os propios textos. - Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio. - Utilización de estratexias de prevención, detección, rexeitamento e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
5	Menschen wie du und ich	24

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Buscar información en fontes confiáveis sobre temas de investigación de interese persoal, educativo ou ocupacional, considerando a selección das fontes de información adecuadas como parte esencial do proceso de investigación para o traballo ou proxecto que se está realizando.	<ul style="list-style-type: none"> - Identifica o tema do texto xoa axuda de imaxes e elementos textuais. - Procura información na internet e elabora un 'mindmap'. - Fai unha táboa comparativa das diferentes tribos urbanas: aspecto e costumes. 	TI	100
CA1.7 - Producir textos, tanto cara a cara como por medios técnicos, nun rexistro neutro, cun discurso comprensible e adecuado á situación, e utilizando as estratexias necesarias para iniciar e manter a comunicación.	<ul style="list-style-type: none"> - Expresa a mensaxe con claridade e coherencia, estruturándoo axeitadamente e aténdose a modelos e fórmulas coñecidos. - Adapta a mensaxe á persoa destinataria e mais ao contexto. - Observa as fases para organizar unha exposición breve segundo a técnica do 5-Satz-Rede. 		
CA1.9 - Completar documentos básicos nos cales se solicite información persoal ou relativa aos seus estudos, en soporte tanto impreso como dixital.	<ul style="list-style-type: none"> - Utiliza léxicos con adxectivos para cualificar as persoas e para describir o aspecto físico. - Coñece o léxico sobre as tribos urbanas e os seus costumes. - É quen de describir as cualidades físicas e abstractas das persoas de diferente aspecto, cultura e idade. 		
CA1.14 - Utilizar estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións.	<ul style="list-style-type: none"> - Pide axuda. - Compensa as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos, paralingüísticos e paratextuais. - Utiliza especificamente a linguaxe non verbal. 		
CA2.1 - Inferir e explicar textos e conceptos breves, sinxelos e predicibles en situacións moi cotiás e familiares, e transmitir a terceiras persoas a información dun xeito simple, aínda que se deban usar palabras soltas ou axudarse de elementos non lingüísticos, mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas.	<ul style="list-style-type: none"> - Asocia préstamos doutras linguas. - Aproveita os coñecementos de palabras noutras linguas. - Utiliza axeitadamente recursos lingüísticos ou temáticos. 		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Valorar positivamente a diversidade cultural a través do uso activo de linguas, saberes e coñecementos de procedencia cultural distinta co obxectivo de contribuír á cohesión social desde valores ecosociais.	<ul style="list-style-type: none"> - Formula suxestións respondendo a un tema proposto nun foro da internet. - Expón os estererotipos sobre homes e mulleres, idades e persoas doutras culturas. - Reflexiona sobre as semellanzas e as diferenzas verbo das persoas dos países de fala alemá. 		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Uso de estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais contextualizados. - Utilización e recoñecemento de padróns gráficos e convencións ortográficas: uso das normas de ortografía da palabra, utilización adecuada da ortografía da oración (coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas) e identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses padróns. - Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal, para recoñecer estratexias de uso común (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas -léxico, morfosintaxe, padróns sonoros, etc.-). - Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, así como por coñecer informacións culturais dos países onde se fala a lingua estranxeira.

UD	Título da UD	Duración
6	Ich hätte gern	24

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar a información esencial e os puntos máis relevantes en textos, breves ou de lonxitude media e ben estruturados, escritos en lingua estándar que traten de asuntos cotiáns ou de temas de interese ou relevantes para os propios estudos, a ocupación ou o traballo, e que conteñan estruturas e un léxico de uso moi común.	<ul style="list-style-type: none"> - Mobiliza información sobre o tema traballada anteriormente: desexar, mercar, renunciar. - Identifica os diferentes tipos de texto presentados: informativo, xornalístico, diálogo, foro, etc. - Utiliza diferentes estraexias de comprensión: global, detallada, básica, puntos principais, etc. 		
CA1.2 - Comprender o esencial en situacións de comunicación oral ou escrita, de xeito presencial ou telemático, e dos medios de comunicación social nunha variedade de lingua estándar, que traten de necesidades inmediatas, temas cotiáns e coñecidos con que se estea familiarizado ou experiencias persoais e predicibles, sempre que se poidan utilizar estratexias que faciliten a comprensión, como apoios visuais e, no caso da oralidade, se dean repeticións ou reformulacións.	<ul style="list-style-type: none"> - É quen de ler e escoitar diálogos simultaneamente. - Formula hipóteses sobre o contido e/ou o contexto a partir das imaxes. - Identifica o tema coa axuda das imaxes e dos elementos textuais, utilizando coñecementos previos ou comparando con outras linguas coñecidas. 	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Expresar oralmente textos sinxelos e comprensibles, previamente preparados, de extensión breve ou media, nun rexistro neutro, sobre temas de interese persoal sobre os cales teña coñecementos previos, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias tales como a de planificación, de compensación e de cooperación.	<ul style="list-style-type: none"> - Elabora mensaxes claras. - Expresa mensaxes sinxelas aténdose a modelos e fórmulas coñecidos. - Asocia préstamos doutras linguas. 		
CA1.16 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.	<ul style="list-style-type: none"> - Pide e ofrece información sobre a importancia das compras, sobre a necesidade de aforrar, etc. - Expresa sorpresa, aceptación, alegría e rexeitamento. - Narra situacións vividas ao dar e/ou recibir regalos. 		
CA2.5 - Identificar os progresos e as dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira realizando actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo estratexias de logro propias e alleas, reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndoos explícitos e compartíndoos con outros participantes.	<ul style="list-style-type: none"> - Autoaválase mediante o recurso 'Das kann ich...!' - Utiliza o portfolio. - Valora tamén o sentido lúdico da aprendizaxe. 		
CA3.4 - Identificar os aspectos cognitivos, afectivos e comportamentais que forman parte da competencia lingüística e da competencia cultural, valorando o plurilingüismo como salvagarda das especificidades culturais.	<ul style="list-style-type: none"> - É quen de afrontar positivamente unha conversa real. - Expresa opinións favorábeis ou desfavorábeis sobre opinións e protestas habituais entre as persoas mozas e adultas. - Aproveita o coñecemento de palabras noutras linguas. 		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Manifestación de autoconfianza e iniciativa. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás (explicar costumes, manifestacións culturais, relacións familiares ou de amizade, relacións laborais). - Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: establecer e manter de xeito sinxelo a comunicación e a organización elemental do discurso. Dar información persoal e familiar básica e, en termos simples, narrar acontecementos pasados e describir estados e situacións presentes, e expresar sucesos futuros. Solicitar e dar información e indicacións, e expresar de xeito sinxelo opinións e advertencias. Expresar de forma sinxela coñecemento, descoñecemento, certeza e dúbida. Expresar a vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición. Expresar interese, aprobación, aprecio, satisfacción e sorpresa, así como os seus contrarios. Resumir. - Utilización e recoñecemento de padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións, procesos fonolóxicos básicos, acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración, e identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses padróns. - Utilización e recoñecemento de padróns gráficos e convencións ortográficas: uso das normas de ortografía da palabra, utilización adecuada da ortografía da oración (coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas) e identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses padróns.

Contidos

- Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información, como dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, mediatecas, etiquetas na rede, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos, gramaticais, etc.).
- Respecto á propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados: utilización de ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e de recursos para evitar o plaxio.
- Manexo de expresións e léxico específico de uso común para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación interpersonal e internacional, facilitador do acceso a outras culturas e outras linguas, e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

1. No ensino de idiomas, a preocupación central debe ser a de motivar o alumnado para lle facilitar a aprendizaxe. Polo tanto, débese variar todo o posíbel a presentación dos contidos. Para iso utilízase material diverso, estimulante e orixinal, como, por exemplo, revistas, xornais, películas en versión orixinal e subtituladas, gravacións de audio con cancións, con diálogos, con narracións, xogos, encrucillados adaptados aos diferentes niveis, libros de exercicios gramaticais, etc.

Este curso o alumnado contará tamén con unha auxiliar de conversa, Melanie Forsthuber, austríaca, que previsiblemente terá unha sesión con este curso cada dúas semanas.

Recorrerase sobre todo ás actividades en grupo para que o alumnado intente facer un traballo dedutivo das regras gramaticais e ser protagonista da súa aprendizaxe. Trátase de afastarse das exposicións maxistras por parte do profesorado para favorecer a interacción entre os alumnos. En definitiva, preténdese utilizar métodos comunicativos centrados na figura do alumno, o que supón un cambio verbo dos métodos máis tradicionais, que se centran na figura do profesor e que lle deixan ao alumno pouca marxe para expresarse. Hoxe, o profesor debe ser un guía que organiza as clases, explica os conceptos e mais os procedementos a seguir e lles deixa aos alumnos unha certa liberdade para traballar con eles. Con todo, é recomendábel contar cun método que lles sirva, tanto ao profesor como ao alumno, de base para presentar a materia dun xeito ordenado e poder ver as regularidades gramaticais máis facilmente.

Os estudantes serán así beneficiarios dun método que reflicte as súas necesidades, expectativas e intereses, que lles permite avanzar dunha forma sistemática e ordenada, que facilita a adquisición da competencia comunicativa e que favorece a participación creativa na aprendizaxe.

A lingua de comunicación na aula é o alemán. A súa introdución, porén, será paulatina. Así, irá en aumento entre os cursos 1º a 3º da educación secundaria obrigatoria, e converterase na única lingua da aula a partir do 4º curso da educación secundaria obrigatoria e no bacharelato. Programaranse actividades que requiran un traballo en parellas ou en grupo, xa que os alumnos prefiren falar en grupos pequenos que fronte a toda a clase. Cada grupo ten as súas necesidades particulares, polo que é preciso adaptar e personalizar o curso na media do posible. Por riba das diferentes prioridades, os diferentes problemas e as diferentes formas de estudar do alumnado, imponse desde o principio unha planificación racional con determinados obxectivos.

Un completo programa de idiomas debe incluír a atención ao léxico, á gramática, á fonética, á sociedade e á cultura. Así, e mediante unha ampla gama de actividades, o alumno pode avanzar progresivamente e adquirir as necesarias destrezas receptiva e produtiva.

Para fomentar a destreza receptiva pódense utilizar diferentes medios:

- A audición.
- Os diálogos, as cancións, os vídeos, os exercicios de fonética, etc.
- A lectura (diálogos, textos orixinais ou adaptados ao nivel, xornais e revistas, etc.).
- A explicación de contidos léxicos ou gramaticais, v.g., a través da mímica.
- A reflexión sobre o funcionamento do alemán a través de exercicios gramaticais e de vocabulario.

Tras a fase receptiva, e antes de chegar á fase de produción, convén levar a cabo unha fase de memorización e de automatización mediante actividades de repetición, exercicios de substitución, etc. Durante a fase de produción, tanto oral como escrita, póñense en marcha diferentes procedementos. A práctica lingüística debe ser o máis parecida posíbel á comunicación na vida real. Esta é a razón de que salientemos sobre todo o traballo en parellas e en grupo, con escenificacións, reproducións de diálogos, etc. Tamén a produción escrita se fai de diferentes maneiras: mediante redaccións, resumos, esquemas, artigos, informes, comentarios, etc.

Todo isto supón unha participación activa do alumno, que se percibe como protagonista nunha clase na cal se utilizan vivencias, experiencias, coñecementos do mundo, intereses e sentimentos seus. A aprendizaxe do idioma personalízase e facilítase. O alumno aprende dun xeito máis efectivo.

En definitiva, un curso de idiomas debe ofrecer:

- Unha implicación directa do alumno. O profesor facilitaralle as ferramentas necesarias para que poida lograr unha aprendizaxe significativa, axudarlle a desenvolver as súas propias capacidades mediante a activación dos seus coñecementos previos e, finalmente, farao partícipe da súa propia aprendizaxe mediante o fomento das técnicas de autocorrección, de cocorrección, de autoavaliación e de coavaliación.
- Un desenvolvemento das distintas facultades lingüísticas.
- Un material variado no que se incluírá un emprego exhaustivo de material auténtico, tanto en textos como en gravacións, que motive todo o alumnado.

2. As diferentes unidades didácticas permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa, e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, polo menos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate do bacharelato.

En cada unha das sesións, e con independencia do traballo específico a tratar nelas, o establecemento dunha rutina en cada unha delas permitirá desenvolver e brindarlle ao alumnado:

- Automatización nalgunhas cuestións básicas a tratar ao longo de toda a etapa, axudando a aportar seguridade e confianza en si mesmo.
- Consecuentemente, fomento dun maior impacto no logro dos descritores a acadar, redundando, ademais nun maior gozo das actividades máis lúdicas.
- Aclimatación dende o comezo da sesión como enfoque preparatorio, a través da relaxación, a atención e a concentración, logrando, paralelamente, o emprego do silencio e da recepción activa, tan necesarios para calquera das actividades a realizar na sesión.

Para tal fin, esta rutina dedicaralle uns minutos, especialmente ao inicio de cada sesión, a lembrar o traballado nas sesións anteriores mediante preguntas.

Empregarase a aula virtual do instituto, onde o alumnado poderá acceder a:

- Recursos dixitais empregados na clase e/ou para levar a cabo tarefas encomendadas
- Ligazóns de interese relacionadas coa materia
- Outros materiais que se consideren interesantes ao longo do curso

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro do curso
Libro de traballo
Dous discos compactos
Dicionarios en papel e en liña
Aula virtual
Computador
Encerado
Encerado dixital
Proxector de vídeo e altosfalantes

O material didáctico elixido para traballar na aula é geni@l klick. B1, da editorial Klett, que se compón dun libro do curso, un libro de traballo e dous discos compactos con diálogos, textos de comprensión oral e cancións. Este material propón actividades adaptadas aos intereses, ás experiencias e mais ás ambicións do alumnado. Traballarase as leccións 1 a 6 (unidades didácticas 1 a 6).

geni@l klick. B1 desenvolve un enfoque didáctico baseado na comunicación e a adquisición da competencia comunicativa, e considera que a capacidade de comunicarse nunha lingua estranxeira é unha necesidade na sociedade contemporánea. Fomenta, de maneira dinámica e participativa, todos os aspectos necesarios para o ensino e a aprendizaxe dunha lingua estranxeira. É dicir, os usos e as formas de comunicación, a reflexión sobre a lingua e a súa aprendizaxe (lingua oral, lingua escrita, gramática, ortografía, léxico e fonética) e sobre os seus aspectos socioculturais. Dáselle valor ao desenvolvemento da autonomía na aprendizaxe como medio para implicar o alumnado. Promóvese a utilización de estratexias de aprendizaxe, deixando que o alumnado seleccione as máis axeitadas ao seu propio estilo.

Outros materiais didácticos que se poderán utilizar durante o curso son:

A) Lecturas complementarias no marco das actuacións do instituto destinadas ao fomento da lectura: Utilizaranse fragmentos de textos que poidan servir como punto de partida para a consolidación da comprensión lectora e da expresión oral e escrita. A lectura e a posterior discusión sobre estes textos escritos servirán para acadar os devanditos obxectivos.

B) Cine: Está prevista a proxección dunha ou varias películas en alemán. Traballarase con didactizacións que permitan aproveitar ao máximo os aspectos lingüísticos das obras.

C) Música: Traballarase na clase con música de grupos que cantan en alemán coa finalidade de fomentar sobre todo a destreza da comprensión oral. Elixiranse aquelas cancións que permitan a realización de múltiples exercicios gramaticais e creativos e que estimulen a motivación da clase.

O alumnado deberá ter, traer e facerse responsábel do seu material: libros, caderno ou cartafol cun espazo reservado para a materia de Alemán, etc.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Cómpre coñecer e valorar dun xeito rápido e áxil a situación educativa e emocional do alumnado, é dicir, o perfil e as características dominantes dos grupos, particularmente no tocante ao nivel de desenvolvemento das competencias e ao dominio dos contidos, con especial atención ás dificultades e ás necesidades de atención educativa.

O alumnado de Alemán do primeiro curso da ESO non ten coñecementos previos da materia. Polo tanto, a avaliación inicial terá lugar nos cursos segundo a cuarto.

Revisados os informes individualizados do alumnado, e para poder coñecer o nivel mínimo da clase en xeral, e de cada alumna/o en particular, levarase a cabo unha avaliación de acordo co seguinte deseño:

- Terá lugar durante as primeiras semanas do curso.
- Levarase a cabo recorrendo á observación directa.
- Realizarase mediante actividades dinámicas, fluídas e pausadas: sensibilización, pequenos intercambios orais, interaccións que acheguen información sobre os coñecementos, as habilidades e as actitudes.
- Non se cualificará.
- Terá carácter orientador e será o punto de referencia para a toma de decisións relativas a unha implementación da programación didáctica axeitada ao perfil do alumnado.
- Fornecerá datos que poderán ser compartidos coas persoas titoras e co equipo docente nas xuntas de avaliación inicial convocadas polo Departamento de Orientación.

Coa información recollida na avaliación inicial e contrastada nas xuntas de avaliación inicial, decidírase a maneira de intervir nos casos en que se detectasen dificultades relevantes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	16	16	17	17	17	17	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A) As unidades didácticas avalíanse fundamentalmente mediante probas escritas, aínda que tamén hai probas orais e se teñen en conta diferentes indicadores. A repartición trimestral das unidades didácticas é a seguinte:

- Primeiro trimestre: unidades didácticas 1 e 2
- Segundo trimestre: unidades didácticas 3 e 4
- Terceiro trimestre: unidades didácticas 5 e 6

B) En cada trimestre fanse os seguintes exercicios e probas:

a) Gramática:

- Bloque: Plurilingüísmo
- Obxectivo: Plurilingüísmo
- Criterios de avaliación: Comparación e contraste entre linguas, capacidade de aprender o alemán

b) Vocabulario

- Bloque: Plurilingüísmo
- Obxectivo: Plurilingüísmo
- Criterios de avaliación: Comparación e contraste entre linguas, capacidade de aprender o alemán

c) Comprensión lectora

- Bloque: Comunicación
- Obxectivo: Comprensión
- Criterios de avaliación: Sentido global e información específica, contido e trazos discursivos, busca e selección de información

d) Expresión escrita

- Bloques: Comunicación, plurilingüísmo, interculturalidade
- Obxectivos: Produción, plurilingüísmo, interculturalidade
- Criterios de avaliación: Expresión escrita, aplicación de coñecementos e estratexias, capacidade de comunicar, empatía e non discriminación, aceptación da diversidade lingüística, cultural e artística, aplicación de estratexias para apreciar a diversidade

e) Audición

- Bloque: Comunicación
- Obxectivo: Comprensión
- Criterios de avaliación: Sentido global e información específica, contido e trazos discursivos, busca e selección de información

f) Expresión oral

- Bloques: Comunicación, mediación, plurilingüísmo, interculturalidade
- Obxectivos: Produción, interacción, mediación, plurilingüísmo, interculturalidade
- Criterios de avaliación: Expresión oral, aplicación de coñecementos e estratexias, participación en situacións interactivas, estratexias de cooperación, empatía, respecto e aprendizaxe cooperativa, estratexias de comunicación, capacidade de comunicar, empatía e non discriminación, aceptación da diversidade lingüística, cultural e artística, aplicación de estratexias para apreciar a diversidade

C) En cada trimestre, o nivel de logro dos obxectivos previstos exprésase en forma numérica, como resultado de dividir entre 6 a seguinte suma:

- Nota dos exercicios e probas de gramática
- + nota dos exercicios e probas de vocabulario
- + nota dos exercicios e probas de comprensión lectora
- + nota dos exercicios e probas de expresión escrita
- + nota dos exercicios e probas de comprensión oral
- + nota dos exercicios e probas de expresión oral

D) Debe terse en conta o seguinte:

- a) A nota máxima en cada exercicio ou proba é un 10.
- b) Cada unha das seis notas pondera exactamente igual.
- c) Para superar a materia en cada trimestre, o alumno ten que conseguir unha nota mínima de 5.
- d) Se a nota media ten centésimas, redondéase á alza a partir de 0,5.
- e) A nota final calcúlase facendo a media das medias obtidas pola/o alumna/o nos tres trimestres.

Criterios de recuperación:

Se unha/un alumna/o non acada a nota mínima nun trimestre, séguese un procedemento cuxos elementos básicos son:

- a) Á/Ao alumna/o comunícanse os mínimos de consecución que precisa acadar.
- b) Tamén se lle comunican os exercicios e probas que ten que facer para acadar os mínimos de consecución.
- c) Esta comunicación faise dun xeito persoal, razoado e detallado.
- d) Á/Ao alumna/o ofrécese a posibilidade de facer os devanditos exercicios e probas nunha data acordada co profesor.
- e) Tamén se lle ofrece asesoramento para a preparación dos devanditos exercicios e probas.
- f) Os devanditos exercicios e probas teñen carácter voluntario.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

A) É de aplicación o plan de reforzo previsto no artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola cal se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo cal se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG do 26 de outubro).

B) As actividades de reforzo e de recuperación: O alumnado que ten pendente aprobar a materia do curso anterior de Alemán recibe do profesorado de Alemán as instrucións de traballo e mais o apoio permanente para a superación da materia suspensa, de acordo coas seguintes pautas:

- O traballo organízase con cada alumna/o individualmente.
- A temporalización lévase a cabo por trimestres.
- O material didáctico é o libro de texto do curso académico anterior.
- Se no horario non está prevista unha clase específica para a materia pendente, o profesor comunícalle á/a alumna/o a posibilidade de acordar conxuntamente reunións regulares nos recreos, e, en todo caso, sempre que a/a alumna/o o precise e o profesor estea dispoñíbel.

C) Os criterios para a superación das materias pendentes:

- En cada trimestre hai unha proba escrita parcial que consiste nun exercicio que reflicte a interiorización das habilidades repasadas durante o período:
 - De vocabulario
 - De comprensión lectora
- A nota máxima que a/o alumna/o pode obter nesta proba é un 5.

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

Non é de aplicación ao 1º curso do bacharelato.

(A superación da materia de Alemán no 2º curso do bacharelato está condicionada á superación da materia de Alemán do 1º curso, por implicar continuidade. Porén, a alumna ou alumno pode matricularse na materia no 2º curso sen cursar a materia do 1º curso, sempre que o profesor considere que reúne as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia no 2º curso. En caso contrario, a alumna ou alumno debe cursar a materia do 1º curso, que ten a consideración de materia pendente.)

6. Medidas de atención á diversidade

A) De acordo co previsto no artigo 3 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola cal se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo cal se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG do 26), adóptanse todas as "medidas e accións que teñ[e]n como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado".

B) En xeral, e dado que non todo o alumnado aprende da mesma maneira e ao mesmo ritmo, realízanse actividades a distinto nivel:

- Para todo o grupo
- De reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión
- De ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida
- Adicionais para aquel alumnado que remata antes as tarefas individuais/grupais da clase

C) En concreto, procúrase:

- Detectar axiña as dificultades específicas de aprendizaxe, coa finalidade de facer un reforzo educativo dirixido á adquisición dos coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.
- Darlle unha atención educativa axeitada, mediante adaptacións curriculares significativas, ao alumnado con necesidades educativas especiais, que presenta características que inciden especialmente no seu proceso de aprendizaxe: alumnado con TDAH (trastorno de déficit de atención con hiperactividade), con dislexia, con síndrome do espectro autista (v.g. Asperger), con dificultades sensoriais (visuais ou auditivas), con dificultades psicocognitivas, con sobredotación intelectual, con dificultades motoras, estranxeiros recentemente incorporados ao sistema, etc.

D) No caso do alumnado que permanece un ano máis no mesmo curso, elabórase un plan específico personalizado de reforzo dirixido a superar as dificultades que levaron á devandita repetición.

E) Trátase de:

- Previr a aparición ou evitar a consolidación das dificultades de aprendizaxe.
- Facilitar o proceso de socialización e a autonomía do alumnado.
- Asegurar a coherencia, a progresión e a continuidade do proceso educativo.
- Fomentar as actitudes de respecto cara ás diferenzas individuais.

F) Esta atención educativa pode concretarse en:

- Utilizar alternativas metodolóxicas con que intentar compensar as carencias deste tipo de alumnado (asegurar a atención, manter o contacto visual, utilizar unha linguaxe sinxela, expor a idea principal ao principio, focalizar a exposición nas ideas centrais, utilizar estímulos visuais, promover a participación mediante preguntas sinxelas, etc.).
- Sempre que sexa preciso, unha flexibilización concretada nunha adaptación curricular individualizada: modificación dos elementos de acceso ao currículo (métodos de comunicación alternativos, actividades de reforzo ou de ampliación, etc.).
- Unha avaliación diferenciada que ten en conta as dificultades de xeneralización na aprendizaxe, a baixa tolerancia á frustración, o desfase que poida darse en certas áreas ou materias, e as dificultades na comprensión e na expresión oral e escrita (probos curtos e con preguntas breves, cerradas, claras e con vocabulario sinxelo, que poden ser completadas de forma oral; flexibilidade en canto á duración; etc.).
- Unha especial disposición do espazo da aula.
- A elección dun material didáctico específico.
- A coordinación co persoal de apoio, etc.

G) Esta atención educativa non minora as cualificacións.

H) Estas medidas tómanse sempre en colaboración co Departamento de Orientación, coa mestra ou mestre de Audición e linguaxe e coa titora ou titor.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Formación estética	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Concienciación e formación sobre o cambio climático	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Respeto mutuo e cooperación entre iguais	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Rexeitamento da violencia	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Prevención e resolución pacífica dos conflitos	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Democracia	X	X	X	X	X	X
ET.14 - Respeto polo Estado de dereito	X	X	X	X	X	X
ET.15 - Pluralismo (político)	X	X	X	X	X	X
ET.16 - Liberdade	X	X	X	X	X	X
ET.17 - Igualdade	X	X	X	X	X	X
ET.18 - Respeto polos dereitos humanos	X	X	X	X	X	X
ET.19 - Xustiza	X	X	X	X	X	X
ET.20 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X

Observacións:

- A) Os elementos transversais están sempre presentes e trabállanse nas diferentes actividades que desenvolven os contidos das unidades didácticas.
- B) Algúns elementos transversais trabállanse, dun xeito especial, nas conmemoracións como a do Día Internacional da Muller, o Día Internacional da Paz, etc.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Viaxe de estudos a Berlín	O Departamento de Alemán organiza unha viaxe de estudos a un país de fala alemá	X		
Charlas ás nais / aos pais do alumnado	Charlas ás nais / aos pais do alumnado do 6º curso de educación primaria		X	

Observacións:

A) Viaxe de estudos

- Destino: Berlín
- Datas: Se é posíbel, xusto antes do Nadal
- Participantes: Un mínimo de 23 alumnos escollidos entre os que estean matriculados en Alemán no 4º curso da ESO e no 1º curso do bacharelato e que cursasen a materia desde o 1º curso da ESO ou poidan acreditar oficialmente un nivel A2 de alemán.
- Acompañantes: Dous ou tres docentes do departamento, dependendo do que autorice a dirección
- Tema central: Historia contemporánea
- Observación importante: A organización da viaxe de estudos supédítase á evolución da inflación en Alemaña.

B) Intercambio cun instituto

Dada a inflación existente en Alemaña, o departamento considera a opción alternativa de organizar un intercambio cun instituto alemán, suízo ou austríaco. As características desta actividade determinaranse se finalmente queda descartada a viaxe de estudos.

C) Charlas ás nais / aos pais do alumnado do 6º curso de educación primaria
 Nos colexios Raíña Fabiola e López Ferreiro: o alemán no IES Arcebispo Xelmírez I.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico

O deseño das unidades didácticas responde ás características e necesidades do alumnado?
Revisión da programación didáctica ao longo do curso: foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos?
Que porcentaxe do alumnado superou a materia?
Metodoloxía empregada
Enquisa ao alumnado sobre a práctica docente: que opina o alumnado sobre o profesor?
Cumpriuse a temporalización inicialmente establecida?
O profesor empregou as metodoloxías reflectidas na programación didáctica?
Utilizáronse distintos instrumentos de avaliación?
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Achegóuselle información ao persoal docente titor?
Medidas de atención á diversidade
Implementáronse as distintas medidas de atención á diversidade? Foron efectivas?
Clima de traballo na aula
Consegiuse a participación activa de todo o alumnado?
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Logrouse a implicación das familias no traballo do alumnado?

Descrición:

A) A práctica docente é o labor que leva a cabo a/o profesor/a para inducir a aprendizaxe: interacción co alumnado, organización da ensinanza, ambiente na aula, relación coas nais e cos pais, atención á diversidade, etc.

B) Para tal efecto preténdese deseñar un instrumento de autoavaliación que debe:

- Ser realista, válido, fiábel e viábel.
- Ser medíbel.
- Servir para que o profesorado reflexione sobre a súa práctica educativa.
- Ter un apartado de propostas de mellora.
- Ter en conta os obxectivos, a temporalización, etc.

C) Os obxectivos da autoavaliación son, entre outros:

- Axustar a práctica docente ás peculiaridades do grupo e a cada alumno
- Comparar a planificación curricular co seu desenvolvemento na práctica
- Detectar as dificultades e mais os problemas da práctica docente
- Favorecer a reflexión individual e colectiva
- Mellorar as redes de comunicación e de coordinación internas
- Optimizar a regularidade e a calidade da relación coas nais e cos pais

D) En xeral, e con excepción da enquisa, inténtase facer un seguimento trimestral para a comprobación dos indicadores de logro.

E) A enquisa ao alumnado procúrase facer cara ao remate do terceiro trimestre. Inclúense, entre outras, unha pregunta de escala na cal o alumnado valora a facilidade con que comprendeu as instrucións dadas, así como outra (s) sobre a adecuación do deseño das unidades didácticas ás súas necesidades.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ao remate de cada trimestre, a programación didáctica pode revisarse, se for preciso. A devandita revisión, de ser necesaria, ten en conta os seguintes puntos:

A) Seguimento da programación didáctica no apartado correspondente do Proens:

- Indicadores de logro: grao de cumprimento da programación didáctica con carácter xeral
- Unidades didácticas: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas
- Propostas de mellora e outras observacións

B) Actividades complementarias: feitas ou non?

C) A avaliación dos datos recollidos faise de acordo co previsto no apartado 8.1. A maiores, inclúese a información adicional mencionada neste apartado 8.2.

D) As conclusións que se obteñen poden incluírse na memoria académica e servir para suxerir, se se considera oportuno, propostas de melloras de cara ao curso académico seguinte, verbo da organización dos contidos, da súa secuenciación, das actividades de aprendizaxe ou de avaliación ou dos aspectos metodolóxicos.

9. Outros apartados